



RESOLUCIÓN DO 20 DE FEBREIRO DE 2019 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE MARIÑEIRO/A PESCADOR/A NA MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN NO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO

ANTECEDENTES

O día 16 de setembro de 2016 se publica no portal de formación da Consellería do Mar (URL:<http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion>) a Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se establece a modalidade de teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro/a pescador/a.

Polo tanto, esta dirección xeral procede a convocatoria de un curso de mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación para aquelas persoas interesadas e que se xestionará e titorizará dende o Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Os Reais decretos 4189/1982, de 29 de decembro, 1283/1987 de 2 de outubro, 1378/1997 de 29 de agosto e 1749/1999 de 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanza profesional náutico-pesqueira
- Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro
- A Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades formativas reguladas nesta orde, correspóndenlle á Consellería en materia de pesca a través da dirección xeral con competencias en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro
- Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se establece a modalidade de teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro/a pescador/a
- O Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro terá o seu cargo a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril.

De acordo con todo o indicado, esta dirección xeral RESOLVE:





Autorizar un curso de **mariñeiro/a pescador/a na modalidade de teleformación** que será titorizado por persoal pertencente a Consellería do Mar.

Primeiro. O curso de teleformación de mariñeiro/a pescador/a terá unha duración de 50 horas. As datas de prematrícula, matrícula e dos cursos, así como o número de prazas son as seguintes:

- Datas de prematrícula: dende as 08:00h do 22 de febreiro ata as 15:00 horas do 22 de marzo de 2019
- Datas de matrícula: 10 días naturais a partir do día seguinte que se fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas no curso no portal web de formación da Consellería do Mar.

A relación de admitidos/as será a establecida en función da hora e do día da prematrícula.

Se creará unha lista de reserva por rigoroso orde a partir da última persoa admitida no curso. A lista de reserva poderá utilizarse en caso de producirse baixa na inscrición.

- Datas do curso: do 07 de maio ao 21 de xuño de 2019
- Número de prazas: 60

Segundo. As características da modalidade de teleformación para obter a titulación profesional náutico pesqueira de mariñeiro/a pescador/a, as condicións de acceso ao curso e a documentación para formalizar a matrícula e o modelo de solicitude, son as establecidas na Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se establece a modalidade de teleformación para á obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro/a pescador/a.

A referida resolución está publicada no portal de formación da Consellería do Mar: (URL:<http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion>)

Terceiro. Rematado o curso de teleformación se realizará un exame que terán lugar no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Asimesmo, tal como establece a Resolución do 15 de setembro de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro será necesario superar unha proba de natación o mesmo día do exame para poder presentarse a este exame final.

A información do día e da hora de realización da proba de natación e do exame final publicarase no portal de formación da Consellería do Mar (URL:<http://mar.xunta.gal/gl/o-mar/investigacion-e-formacion/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion>)

Cuarto. Rematado o exame teórico-práctico, o/a secretario/a do tribunal correspondente publicará no portal de formación desta consellería e no taboleiro de anuncios do centro de ensino e das delegacións territoriais e comarcais da Consellería do Mar, unha copia do exame e a folla coas respostas correctas co fin de que as persoas interesadas poidan comprobar os seus resultados.

Unha vez correxido o exame teórico-práctico, o tribunal fará pública a lista provisional das cualificacións no portal de formación e no taboleiro de anuncios do centro de ensino e nas xefaturas territoriais e comarcais da Consellería do Mar.





As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles para formular reclamacións contra as cualificacións provisionais que irán dirixidas ao tribunal.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o/a presidente/a do tribunal correspondente ditará unha resolución coa lista dos/as aspirantes definitivos/as que superaro a proba teórico-práctico. Esta resolución será publicada nos mesmos sitios que a lista provisional.

Contra a resolución do/a presidente/a do tribunal as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva coas cualificacións obtidas polos/as aspirantes.

Quinto. As persoas que aproben o exame seralles emitida a correspondente certificación acreditativa para a solicitude da tarxeta profesional.

Sexto. Contra a presente resolución poderán os/as interesados/as interpor recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de formación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino e das xefaturas territoriais e comarcais.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

